


Leonardo Da Vinci


Laura Sande Castro 4ºB



- Leonardo Da Vinci naceu en 1452 na vila toscana de Vinci. Cando era pequeno empezou a debuxar animais mitolóxicos da súa propia invención, inspirados nunha profunda observación do entorno natural no que creceu.
- Ós 14 anos ingresou de aprendiz no taller de Andrea des Verrocchio onde antes de ser coñecido como artista libre aprendeu pintura, escultura, técnicas e mecánicas da creación artística. O seu primer traballo do que ten certera noticia foi a construción da esfera de cobre proyectada por Brunelleschi para coroar a igrexa de Santa María dei Fiori. Xunto o taller de Verrocchio encontrábase o de Antonio Pollaiuolo, onde Leonardo fixo os seus primeiros estudos de anatomía e, quizáis, iniciouse tamén no coñecemento do latín e o grego.
- En 1482 presentouse ante o poderoso Ludovico Sforza, o home forte de Milán por entón, en cuxa corte quedaríase dezasete anos como «pictor et ingenierius ducalis». Aunque a súa ocupación principal era a de enxeñeiro militar. Estimulado pola dramática peste que asolou Milán e cuxa causa veía Leonardo no amontoamento e suciedade da cidade, proxectou espaciaosas vilas, fixo planos para canalizacións dos ríos e inxeniosos sistemas de defensa ante a artillería enemigo. Recibindo de Ludovico o encargo de crear unha monumental estatua ecuestre no honor de Francesco, o fundador da dinastía Sforza, Leonardo traballou durante dezaseis anos no proxecto do «gran caballo», que non concretaríase máis que nunha maqueta, destruída pouco despois durante unha batalla.




- Leonardo ten unha amizade co matemático Luca Pacioli, fraile franciscano que en 1494 publicou o seu tratado da *Divina proporcione*, ilustrada por Leonardo. Da Vinci foi recoñecido como o creador da moderna ilustración científica. O ideal do *saper vedere* guiou todos os seus estudos, que na década de 1490 comezaron a perfilarse como unha serie de tratados (inconclusos, que foron recopilados logo no *Codex Atlanticus*, así chamado polo seu gran tamaño).
- Anque Leonardo non parece que se preocupara demasiado por formar a súa propia escola, no seu taller milanés creouse pouco a pouco no grupo de fieles aprendices e alumnos. Contratado no 1483 pola hirmandade da Inmaculada Concepción para realizar unha pintura para a igrexa de San Francisco, Leonardo emprendeu a realización do que sería a celeberrima *Virgen de las Rocas*, cuxo resultado final, das versións, non estaría listo os oito meses que marcaban no contrato, se non vinte anos máis tarde.
- A este mesmo período pertencen o retrato de Ginevra de Benci (1475-1478), coa súa innovadora relación de proximidade e distancia e a beleza expresiva de *La belle Ferronière*. Pero hacia 1498 Leonardo remataba unha pintura mural, o principio un encargo modesto para o refectorio do convento dominico de Santa Maria dalle Grazie, que converteríase na súa definitiva consagración pictórica: *La última cena*. Necesitamos hoxe un esforzo para comprender o seu esplendor orixinal, xa que deteriorouse rápidamente e foi mal restaurada moitas veces. A xenial captación plástica do dramático momento no que Cristo di ós apóstoles «un de vosoutros traicionárame» otorga a escena unha unidade psicolóxica e unha dinámica apreensión do momento fugaz de sorpresa dos comensales (do que sólo Xudas queda excluído). O mural non solo converteuse nun celebrado ícono cristiano, se non tamén nun obxecto de peregrinación para artistas de todo o continente



- A finais de 1499 os franceses entraron en Milán; Ludovico o Moro perdeu o poder. Leonardo abandonou a cidade acompañado de Pacioli e tras unha breve estancia na casa da súa admiradora a marquesa Isabel de Este, en Mantua, chegou a Venecia. En poucas semanas proxectou unha cantidade de artefactos cuxa realización concreta non se faría senon, en moitos casos, hata os séculos XIX o XX, dende unha sorte de submarino individual, con un tubo de cuero para tomar aire destinado a uns soldados que, armados con taladro, atacarían as embarcacións por debaixo, hata grandes pezas de artillería con proxectis de acción retardada e barcos con dobre pared para resistir as embestidas.
- César Borgia, fillo do papa Alejandro VI, dominaba Florencia e preparábase para lanzarse á conquista de novos territorios. Leonardo, novamente como inxeniero militar, recorreu os terreos do norte, trazando mapas, calculando distancias precisas, proxectando pontes e novas armas de artillería. Pero pouco despois o *condottiero* caeu en desgracia: os seus capitáns subleváronse, o seu pai foi envenenado e el mesmo caeu gravemente enfermo. En 1503 Leonardo volveu á cidade, que por entón encontrábase en guerra con Pisa e concebeu alí o seu xenial proxecto de desviar o río Arno por detrás da cidade enemiga cercándoa e contemplando a construción dun canal como vía navegable que comunicase Florencia có mar: o proxecto só concretouse nos extraordinarios mapas do seu autor. Leonardo xa era recoñecido como un dos maiores maestros de Italia.

La Gioconda



- A cumbre desta etapa florentina (e unha das poucas obras acabadas por Leonardo) foi o retrato de Mona Lisa. Obra famosa dende o momento da súa creación, converteuse en modelo de retrato e case ninguén escaparía da súa influencia no mundo da pintura. A mítica Gioconda inspirou infinidade de libros e lendas, e hasta unha ópera; pero pouco se sabe da súa vida. Leonardo traballou no retrato da Gioconda durante catro anos, probablemente dende 1503, pero el nunca o considerou terminado e negábase a entregalo ó cliente. O propio pintor manifestou na súa época unha gran predilección polo retrato da Gioconda. Sábese que levaba consigo este cadro nas súas viaxes, e que a menudo pasaba largas horas observándoo en busca de inspiración. Non se conserva ningún boceto previo do retrato da Gioconda, feito certamente insólito se se ten en conta que Leonardo, como moitos outros pintores, solía realizar exhaustivos estudos previos as súas diferentes obras. Nin sequera coñécese quén encargou o cadro, que Leonardo levou consigo a Francia, onde vendeuno ó rey Francisco I por catro mil pezas de ouro. Perfeccionando o seu propio hallazgo do *sfumato*, levándoo a unha concreción case milagrosa, Leonardo logrou plasmar un xesto entre o fugaz e o perenne: a «enigmática sonrisa» da Gioconda é un dos capítulos máis admirados, comentados e imitados da historia da arte e o seu misterio segue aínda hoxe fascinando. Existe a lenda de que Leonardo promoveu ese xesto no seu modelo facendo soar laúdes mentres ela posaba; o cadro foi considerado como cumbre e resumen do talento e a «ciencia pictórica» do seu autor.



- O interés de Leonardo polos estudos científicos era cada vez máis intenso: asistía a diseccións de cadáveres, sobre os que confeccionaba debuxos para describir a estrutura e funcionamento do corpo humano. Ó mesmo tempo facía sistemáticas observacións do voo dos paxaros (sobre os que planeaba escribir un tratado), na convicción de que tamén o home podría voar se chegaba a coñecer as leis da resistencia do aire (algúns apuntes deste período víronse como claros precursores do moderno helicóptero).
- En 1506 abandoou Florencia para volver a Milán debido a que Charles d'Amboise, gobernador francés de Milán, ofreceulle o cargo de arquitecto e pintor da corte; honrado e admirado polo seu novo patrón, Da Vinci proxectou para el un castelo e executou bocetos para o oratorio de Santa Maria dalla Fontana, fundado por aquél. A súa estadía milanesa só se interrompiu no inverno de 1507 cando, en Florencia, colaborou co escultor Giovanni Francesco Rustici na execución dos bronzes do baptisterio da cidade.
- Quizáis excesivamente avellentado para os cincuenta anos que contaba entón, o seu rostro foi tomado por Rafael como modelo do sublime Platón para a súa obra *La escuela de Atenas*. Leonardo, en cambio, pintaba pouco dedicándose a recopilar os seus escritos e a profundizar os seus estudos: coa idea de ter finalizado para 1510 o seu tratado de anatomía, trabajaba xunto a Marcantonio della Torre, o máis célebre anatomista do seu tempo, na descripción de órganos e o estudo da fisioloxía humana. O ideal leonardesco da «percepción cosmolóxica» se manifestaba en múltiples ramas.
- Paralelamente, ós seus antigos discípulos sumáronse algúns novos, entre eles o xoven noble Francesco Melzi, fiel amigo do maestro hasta a súa morte. Xunto a Ambrogio de Predis, Leonardo culminou en 1508 a segunda versión de *La Virgen de las Rocas*; pouco antes, deixara sen cumprir un encargo do rey de Francia para pintar dúas madonnas.



- O novo home forte de Milán era entón Gian Giacomo Tivulzio, quen pretendía retomar para sí o monumental proxecto do «gran caballo», converténdoo nunha estatua funeraria para a súa propia tumba na capilla de San Nazaro Maggiore; pero tampouco esta vez o monumento ecuestre pasou dos bocetos, o que supuxo para Leonardo a súa segunda frustración como escultor. En 1513 unha nova situación de inestabilidade política o empuxou a abandonar Milán; xunto a Melzi e Salai marchou a Roma, onde se albergou no belvedere de Giuliano de Médicis, irmán do novo papa León X.
- No Vaticano viviu unha etapa de tranquilidade, cun soldo digno e sen grandes obrigacións: debuxou mapas, estudou antigos monumentos romanos, proxectou unha gran residencia para os Médicis en Florencia e, ademais trabou unha estrecha amizade co gran arquitecto Bramante, hata a morte deste en 1514. Pero en 1516, morto o seu protector Giuliano de Médicis, Leonardo deixou Italia definitivamente, para pasar os tres últimos anos da súa vida no palacio de Cloux como «primero pintor, arquitecto e mecánico do rey».
- O gran respecto que Francisco I dispensoulle fixo que Leonardo pasase esta última etapa da súa vida máis ben como un membro da nobleza que como un empleado da casa real. Fatigado e concentrado na redacción das súas últimas páxinas para o seu tratado sobre a pintura. Pintou pouco aunque todavía executou extraordinarios debuxos sobre temas bíblicos e apocalípticos. Alcanzou a completar o ambiguo *San Juan Bautista*, un andrógino duende que desborda gracia, sensualidade e misterio; de feito, os seus discípulos o imitarían pouco despois convertíndoo nun pagano Baco, que hoxe pode verse no Louvre de París.
- A partir de 1517 a súa saúde, hata entón inquebrantable, comezou a desmellorar. O seu brazo dereito quedou paralizado; pero coa súa incansable mano esquerda Leonardo aínda fixo bocetos de proxectos urbanísticos, de drenaxes de ríos e ata decorados para as festas palaciegas. A súa casa de Amboise converteuse nunha especie de museo, plena de papeles e apuntes contindo as ideas deste home excepcional, moitas das cales deberían esperar séculos para demostrar a súa factibilidade e incluso a súa necesidade.



- O 2 de maio de 1519 morreu en Cloux; o seu testamento dicía que Leonardo deixaba a Melzi todos os seus libros, manuscritos e debuxos, que éste encargouse de retornar a Italia. Como soe suceder cos grandes xenios, texéronse en torno a súa morte algunhas lendas; unha delas, inspirada por Vasari, pretende que Leonardo, arrependido de que non levou unha existencia rexido polas leis da Iglesia, confesouse largamente e, coas súas últimas forzas, incorporouse do leito mortuorio para recibir antes de expirar, os sacramentos.